

**ENSINANZAS ARTÍSTICAS PROFESIONAIS do C.F.G.S. en FOTOGRAFÍA**  
**SOLICITUDE DE MATRÍCULA**

CURSO	2020/21	X	1º Fotografía
			2º Fotografía

Apelidos e nome:			
Data de nacemento:	DNI:	Teléfono:	Email:
Enderezo:			
Concello:	Código postal:	Provincia:	

**DATOS ACADÉMICOS DE PROCEDENCIA**

	ESO	FP	BACHARELATO	ARTES	DIPLOMATURA	LICENCIATURA	GRAO	OUTRO
TITULACIÓN DE ACCESO								
CENTRO						ANO DE REMATE DE ESTUDOS		

**DATOS ECONÓMICOS**

SEGURO ESCOLAR	Nº CONTA DE INGRESO (IBAN)	SOLICITA BECA	
<b>1,12 €</b>	<b>ES64 2080-0300-8630-4010 2586</b>	SI	NON

**(VER NORMATIVA DA MATRÍCULA ao dorso da folia)**

Materias 1º curso	ECTS	1ª matrícula	Seguintes matrículas	Materias 2º curso	ECTS	1ª matrícula	Seguintes matrículas
1. Fundamentos da representación e a expresión visual	8	X		8. Teoría Fotográfica	8		
2. Teoría da imaxe	4	X		9. Técnica fotográfica II	8		
3. Historia da fotografía	4	X		10. Proxectos de fotografía II	8		
4. Medios Informáticos	8	X		11. Linguaxe e tecnoloxía Audiovisual II	8		
5. Técnica fotográfica I	10	X		12. Proxecto Integrado	18		
6. Proxectos de fotografía I	18	X		13. Formación e orientación laboral	4		
7. Linguaxe e tecnoloxía Audiovisual I	8	X		14. Formación en prácticas en empresas, estudos ou talleres	6		
<b>Total créditos ECTS</b>	<b>60</b>			<b>Total créditos ECTS</b>	<b>60</b>		

<i>DECRETO 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía. Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia. (ver reverso da folia)</i>	<b>Total créditos ECTS da matrícula</b>
---	---

Santiago de Compostela a de.....de 2020 Sinatura Carimbo

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, o informa dos seguintes aspectos sobre a privacidade e protección dos seus datos: os datos persoais facilitados serán tratados pola, Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo con CIF:Q1568009C, domicilio social en Rúa Virxe da Cerca, 32, en Santiago de Compostela, como responsable do tratamento (en adiante EASD Mestre Mateo), coa finalidade de xestionar os seus datos académicos e, de ser o caso, achegarlle información relativa aos estudos, concursos, ofertas de traballo e cursos de formación ou especialización no ámbito do deseño.

A base legal para o tratamento dos seus datos persoais é garantir o correcto desenvolvemento dos seus datos académicos, os cales serán conservados durante o prazo de prescrición legal. Pode exercer os seus dereitos de acceso e portabilidade dos seus datos persoais dirixíndose aos órganos administrativos deste centro académico, mediante escrito indentificativo á dirección da escola, da súa personalidade, acompañado da fotocopia do seu DNI ou documento equivalente polas dúas caras.



Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

## II Matrícula:

### Artigo 2º.-Aspectos xerais.

1. A **matrícula formalízase para cada curso académico**, e con ela o alumnado terá dereito a unha única convocatoria anual por cada módulo profesional.
2. Cada **módulo profesional** poderá ser obxecto de avaliación nun **máximo de catro convocatorias**. Quedará **exceptuado o módulo de Formación práctica en empresa, estudio ou taller (FPEET)**, que o será **nun máximo de dúas**.
3. O alumnado que esgotase as catro convocatorias previstas no punto anterior **podrá solicitar unha convocatoria extraordinaria**, por motivos de doenza, discapacidade ou outros que condicionen ou impidan o desenvolvemento ordinario dos estudos, **perante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais**.

### Artigo 3º.-Matrícula.

4. O alumnado **podrá formalizar a matrícula no segundo curso** cando se cumpra algún dos requisitos de promoción seguintes:

a) **Ter superados todos os módulos do primeiro curso.**

b) **No caso de ter algún módulo non superado**, cando a **suma da carga horaria** dos ditos módulos **non supere o 25 % da total** do curso, de acordo co establecido nos respectivos decretos de currículo. Para os efectos de promoción, non se terán en conta as horas de libre disposición. En todo caso, **cando un alumno ou unha alumna non promocione deberá repetir os módulos profesionais non superados**, para o que **deberá formalizar a matrícula no mesmo curso** e incorporarse ao grupo de alumnado correspondente.

5. A matrícula nestas ensinanzas é incompatible coa matrícula noutros ciclos formativos.

### Artigo 6º.-Anulación da matrícula.

1. Se unha vez **iniciadas as actividades lectivas**, e **antes do 31 de outubro**, se **observase unha falta continuada de asistencia** de determinados alumnos ou alumnas a elas, o centro docente requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación nun prazo máximo de tres días e comunicarlles que, en caso de non se producir esta, **bardante causa debidamente xustificada, se procederá á anulación da súa matrícula**. Para estes efectos terase en conta un período de dúas semanas consecutivas como falta continuada de asistencia. O alumnado tamén poderá solicitar de forma voluntaria a anulación da súa matrícula antes do 31 de outubro. **A praza vacante será cuberta polo alumnado en lista de espera, ata completar a cota asignada ao grupo.**

2. A anulación da matrícula con anterioridade ao 31 de outubro de cada curso académico non computará para efectos de convocatorias consumidas.

3. As solicitudes de renuncias de matrícula por parte do alumnado con posterioridade ao 31 de outubro de cada curso académico terán os mesmos efectos que as baixas de oficio.

### Artigo 7º.-Baixa de oficio da matrícula.

1. A partir do 31 de outubro e ata final de curso, **o centro poderá realizar baixas de oficio da matrícula** ao alumnado que **deixe de asistir ás clases sen xustificación e de xeito continuado por un período superior a 25 días lectivos** ou, **de xeito discontinuo, por un período superior a 35 días lectivos**. Para tales efectos, deberá quedar constancia na secretaría do centro da comunicación ao alumno ou á alumna desta circunstancia administrativa e do trámite de audiencia realizado.

2. A **baixa de oficio suporá a perda da condición de alumno ou de alumna** do ciclo formativo, e a **correspondente convocatoria** computarase como xa consumida. **A reincorporación ás mesmas ensinanzas requirirá someterse a un novo proceso de admisión**.

### Artigo 14º.-Aspectos xerais do proceso de avaliación.

2. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo **será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas** para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

3. **O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua** nun determinado módulo **será do 10%** respecto da súa duración total, con independencia de que **estas faltas sexan ou non xustificadas**. (A perda do dereito á avaliación continua unicamente implica un procedemento extraordinario e diferenciado de avaliación, o alumnado ten a obriga de asistir ás clases e realizar ás actividades programadas, xa que de non asistir será dado de baixa de oficio dos estudos)

4. **O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas** a aquel alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

## Benvida/o á Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo!

Si tes decidido cursar os estudos das **Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño** de Deseño de **Produto** ou Deseño de **Moda**; ou ben as **Ensinanzas Artísticas Profesionais de Fotografía, Técnicas Escultóricas ou Xoiaría**.

Este novo curso, pola situación ocasionada pola crise sanitaria do COVID é necesario que dispoñades dunha conexión a internet na casa sen límite de datos e un computador cuns requisitos mínimos adecuados para poder traballar na vosa casa empregando o aula virtual dos módulos/disciplinas e demais material que o profesorado poñerá a vosa disposición.

Para que poidades aproveitar os vosos anos de estudio na escola imos facilitarvos unha serie de programas informáticos que teñen relación cos contidos da vosa elección.

Estes programas soamente poderás empregalos no teu computador. De ser instalado nalgún outro non se voltará a facilitar a licencia, quedando anulada para todo o ano académico na primeira computadora na que foi instalada (no caso de que dispoñas dunha computadora de sobremesa e dunha computadora portátil poderás solicitar instalalos nas dúas ante o departamento de TIC da Escola). As/Os vosas/os titoras/es informarán dos procesos a seguir a comezo do curso cara a baixar e instalar o software

Si eres alumnado de segundo curso ou superior na Escola Mestre Mateo vos damos a benvida a un novo curso. Queremos lembrarnos que a Escola decidiu xa fai dous cursos deixar de mercar computadoras para as aulas, xa que quedan obsoletas aos poucos anos e non se poden instalar as ultimas versións dos programas específicos das especialidades. Ademais esta liña de actuación xeraba un gran número de basura tecnolóxica que tiñamos que xestionar e nos ocasionaba moitos problemas. Por istas, e outras razóns, a opción pola que aposta a Escola Mestre Mateo é por invertir os cartos en facilitar ao seu alumnado do centro os programas informáticos relacionados coa súa especialidade mentres estudie aquí.

Os programas, dependendo da especialidade elexida, e o curso no que vos encontredes, poderán ser entre outros:

Adobe Creative Cloud (valorado aprox. en 725€ ao ano)  
Rhinoceros (valorado aprox. en 240€)  
Rhinogold (valorado aprox. en 4.000€)  
Solid Works (valorado aprox. en 2.000€)  
Esko: Arthios + Studio (valorado aprox. en 325€ ao ano)

Apartires deste curso serán poucas as aulas con computadoras fixas no centro. Tendendo a desaparecer do resto nos próximos anos. Quedando unicamente a biblioteca con computadoras de apoio. Polo que terá que ser o alumnado o que, nas disciplinas que sexa preciso, traía unha computadora portátil para poder traballar nas aulas.

Para poder empregar os programas informáticos que vos facilitaremos necesitaredes dispoñer dunha computadora portátil que cumpra como mínimo as seguintes características:

RAM	8 GB (recomendable 16GB )
PROCESADOR	Intel de varios núcleos compatible con aplicacións de 64 bits (recomendable i7 ou similar)
TARJETA GRÁFICA	NVIDIA Quadro P1000 ou similar cun mínimo de 4GB GDDR
DISCO DURO	1 TB a 7200 rpm (recomendable 250/500 GB SSD)
SISTEMA OPERATIVO	Sistema operativo 64 bits: Windows 10 / MacOSx*

\* Para traballar con software de 3D en Deseño de Produto e en Xoiaría non é recomendable este sistema operativo

Nota: Se non podes acadar o material informático e a conexión a internet solicitada por mor da falta de recursos ou de conexión no teu fogar. Pregamos presentes unha solicitude de axuda ante a dirección do centro (cubriendo un formulario Expoño/Solicito) plantexando o teu caso e necesidades, cara a tentar acadar unha solución ás mesmas ou plantexar, de ser posible, unha adaptación da metodoloxía do ensino a distancia do curso aos teus recursos.